



## INSTRUCCIÓN COMPLEMENTARIAS DA CIRCULAR SFAF n.º 2/2013 DO PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA NO AGRO GALEGO 2013 PARA AS ACCIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE CURSOS DE BENESTAR ANIMAL

### DESTINATARIOS DA PRESENTE CONVOCATORIA

O Decreto 60/2007, do 22 de marzo, da Consellería do Medio Rural establece as normas e os programas de formación para a implantación dos cursos en materia de Benestar Animal. A devandita formación é esixible para persoal de granxas, explotacións e centros de concentración, así como para persoas condutoras e coidadoras de vehículos de transporte de animais vivos. Por isto, o persoal destinatario das accións formativas en materia de Benestar Animal serán:

- o Persoas condutoras e coidadoras de gando de transporte por estrada
- o Persoal de granxas, prioritariamente de gando porcino e aves de carne, explotacións, centros de concentración e lugares aos que se lles esixa o cumprimento da normativa

### ESTABLECEMENTO DE TAXAS

A Lei 16/2007 do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, establece as taxas en materia de Benestar Animal. Para o seu pagamento na entidade bancaria, utilizarase o modelo oficial A da Consellería de Economía e Industria

#### 1. CÓDIGOS do impreso de taxas (modelo A):

- |  |        |
|--|--------|
| • CONSELLERÍA: Medio Rural e Mar   | 09     |
| • DELEGACIÓN: Servizos Centrais  | 13     |
| • SERVICIO: Formación Agroforestal   | 05     |
| • TAXA - Denominación: Expedición de certificado/acreditación en Benestar Animal | 310728 |

#### 2. TAXAS VIXENTES PARA 2013:

- |  |        |
|--|--------|
| • Certificado de competencia para condutores/as e coidadores/as de vehículos de estrada de transporte de animais vivos ..... | 9,65 € |
| • Acreditación de formación en materia de benestar animal .....  | 5,10 € |

### CONTIDOS

No Decreto 60/2007, do 22 de marzo, publicado no DOG n.º 67, mércores 4 de abril de 2007, establécense os contidos e a duración mínima dos cursos de Benestar Animal, tal e como consta nos anexo I (módulo xeral), anexos II e III (módulos específicos) do devandito Decreto. Todo programa formativo na materia débese axustar ao indicado neles.

## SUPERVISION DOS CURSOS

O artigo 17º do Decreto 60/2007, confírelle ao departamento de formación e transferencia tecnolóxica, a tarefa de supervisión das actividades formativas, polo que se establece a **necesidade de comunicar o inicio dos cursos con 10 días de antelación** (Anexo V) para poderen realizar, no seu caso, dita supervisión a través do persoal dos servizos competentes mediante visitas durante a realización dos cursos.

## PROFESORADO

Con respecto ao profesorado para impartir os cursos, o Decreto 60/2007 do 22 de marzo establece que:

- O profesorado disporá da licenciatura en Veterinaria
- As persoas con titulación universitaria en enxeñería Agronómica (técnica ou superior) e licenciatura en Ciencias Biolóxicas, poderán impartir aqueles contidos non relacionados directamente cos aspectos sanitarios, tendo que acreditar a súa formación en materia de Protección en Benestar Animal.
- En materias non relacionadas directamente co Benestar Animal poderase contar co persoal especializado que acredite a súa formación no contido específico da materia.

## PROBA DE APTITUDE

Debe deseñarse tendo en conta:

- A proba de aptitude será tipo test, con 3 ou 4 respostas por pregunta, sendo unha soa a resposta correcta.
- O número mínimo de preguntas será de vinte, dez referentes aos contidos do módulo xeral e outras dez por cada módulo específico cursado.
- O contido da proba basearase no Decreto 60/2007, correspondendo unha parte ao módulo xeral e outra a cada un dos módulos específicos.
- A proba será deseñada e aplicada pola persoa que imparte a formación, e realizarase nas instalacións onde se leve cabo a mesma.

## OBTENCIÓN DO CERTIFICADO OU ACREDITACIÓN CORRESPONDENTE

Para obter a debida acreditación é preciso:

- Aportar a documentación solicitada:
  - Solicitude cumprimentada
  - Fotocopia do DNI do alumno/a
- O rigoroso cumprimento da asistencia ao curso
- Ter realizada e superada a proba de aptitude



- Aquelas persoas que desexen ter as dúas acreditacións obrigatoriamente deberán cursar o módulo xeral e ámbolos dous módulos específicos. A proba de aptitude realizarana do mesmo xeito: unha soa para o módulo xeral e a proba correspondente a cada módulo específico.

## EXPEDICIÓN DAS ACREDITACIÓNS

Tanto o Certificado de competencia para condutores/as e cuidadores/as de gando de transporte pola estrada, como a Acreditación de coñecementos en benestar animal, serán expedidos pola Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería de Medio Rural e Mar. Para a súa solicitude cómpre que as entidades administrativas que imparten cursos en materia de benestar animal aporten a seguinte documentación:

- **O control de asistencia** das persoas participantes no curso, debidamente asinado (Anexo IX)
- **Base de datos** (folla de cálculo) enviada en soporte papel e por correo electrónico; (débense cubrir tódolos datos en **maiúsculas**)
- A documentación relativa á realización da proba de aptitude:
  - **Acta de avaliación** (segundo o modelo adxunto)
  - **Copia do modelo de proba** aplicado por cada entidade administrativa que imparte a formación
- **Fotocopia do NIF** das persoas participantes que superaron o curso
- **Documento acreditativo da representación** exercida polas entidades administrativas que imparten cursos en materia de benestar animal respecto das persoas asistentes incluídas na solicitude de expedición de certificados (ver modelo adxunto); Lémbrese que debe estar asinado por todos eles
- **Xustificante** do abono das **taxas** para a obtención do Certificado de competencia ou Acreditación, por parte dos participantes

Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos sinalados, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes expedirá o Certificado de competencia ou a Acreditación de formación en materia de benestar animal, segundo o caso.

Para consultar dúbidas sobre o tema tratado nesta circular contactar con:

M<sup>a</sup> Luisa Martínez Cruz.

Tfnos. 981 546 790, 981 546 679

Correo electrónico: [maria.luisa.martinez.cruz@xunta.es](mailto:maria.luisa.martinez.cruz@xunta.es)